

NOVO DECRETO RECURSOS MARISQUEIROS

1. Plans de xestión plurianuais: 3 anos

- a. **Plan Xeral para marisqueo xeral** (trianual) aprobado por orde da consellería
- b. **Orde aprobación plans de recursos específicos** a 3 anos
- c. **Bases biolóxicas:**
- d. Stocks saudables para marisqueo Xeral e recursos específicos (D3-DMEM). Estrutura de tamaños do stock ou das capturas acorde coa dun stock saudable.
 - i. Avaliación do volume do stock para marisqueo Xeral e nas especies que sexa posible.
- e. **Obxectivos** xerais (3 anos) biolóxicos, ecolóxicos, sociais, económicos.
 - i. Obxectivos operacionais, indicadores e niveis de referencia
- f. Integración **cuestións medioambientais** aos plans de xestión: descritores DMEM, perspectiva sistémica
- g. **Desenvolvemento dos plans de xestión:** xefaturas territoriais
 - i. Autorizacións de apertura: avaliación continua do plan de xestión a través dos indicadores de cumprimento dos obxectivos operacionais. Aperturas polo período de tempo establecido na resolución da xefatura territorial.
 - ii. Novidade: Limpezas de bancos marisqueiros: poderanse realizar todo o ano só con comunicación previa a XT e Gardacostas.
 - iii. Rareos, traslados, sementeira.... mantense autorización previa. Vixilancias: mantéñense sen autorización.
 - iv. **Adaptacións do plan** durante o desenvolvemento polas XT: de oficio en función do seguimentos dos indicadores para cumprimentos dos obxectivos ou a petición do sector ante circunstancias que dificulten o desenvolvemento do plan.
 - v. Os plans de xestión establecerán o **número máximo de participantes**. Este número determinará o incremento anuais do número de permex pé/modalidades/persoas dereito cota.
- h. **Diversificación: Turismo mariñeiro** incluído como actividade de diversificación no plan de xestión. Actividade complementaria e compatible co marisqueo. Computará para renovar e deberá figurar recollida esta actividade no plan de xestión.
- i. **Percebe:** mantense a explotación ligada ao ámbito territorial, respectando autorizacións para esta especie, de existir.
- j. **Ourizo:** mantense período autorizado entre 02.01-30.04 e 1.10-31.12

- k. **Algas:** acceso preferente das entidades asociativas do sector á explotación das algas.
 - i. Transitorio: Non incrementar a extracción de algas polas entidades de carácter económico en zonas explotadas polas entidades asociativas do sector, ata que se avalíe o impacto nestas zonas.

2. Primeiros plans trianuais:

a. Marisqueo xeral:

- i. 1º plan Xeral trianual 2021-2023: plans en autorizacións, plans específicos e normas de explotación para zonas de libre marisqueo
- ii. Prorroga planes aprobados en 2019 no Plan Xeral ata 31.12.2020 (1 ano)

b. Recursos específicos

- i. 1º orde plans xestión trianual 2022-2024
- ii. Prórroga orde plans rree 2019 ata 31.12.2021 (2 anos)

3. Plans nova incorporación (novos recursos, modalidades ou ámbitos).

Definición: plan de xestión de vixencia inferior a tres (3) anos, para recursos, modalidades de marisqueo ou ámbitos zonais diferentes aos xa aprobados para un trienio, que require dun período transitorio para a súa incorporación ao Plan Xeral de Explotación Marisqueira ou á Orde pola que se aproban os plan de xestión de recursos específicos.

- a. Presentación antes do 1 de outubro de cada ano.
- b. Vixencia transitoria antes da incorporación á orde trianual (polo tempo que reste ata que finalice o plan trianual)
- c. Transitorio: se poderán aprobar novos plans de marisqueo xeral en 2020 e de recursos específicos en 2020 e 2021.

4. Habilitacións: modalidades de recursos específicos do permex da embarcación

- a. Modalidades de recursos específicos: se outorgarán e renovarán polo período de vixencia do plan trianual.
- b. Período transitorio 2019-2021:
 - i. Renovación en 2019 ata 31.12.2021
 - ii. Novos outorgamentos: vixencia ata 31.12.2021

5. Moluscos cefalópodos, crustáceos, cangrexo real